

# ¡ALTO Á MASACRE IMPERIALISTA EN GAZA!

**22 DE XANEIRO**

**XORNADA DE SOLIDARIEDADE  
ESTUDIANTIL CO  
POBO PALESTINO**

**PAROS E CONCENTRACIÓNS  
ÁS 12:00h.**



**www.sindicatodeestudiantes.org · Telf: 675 952 798**

O pasado 27 de decembro o exército israelí comezou os bombardeos en Gaza, utilizando avións F-16, helicópteros apache e avións automáticos. O sábado 6 de xaneiro comezaba a ofensiva terrestre, o maior ataque contra territorios palestinos desde a guerra de 1967. A masacre contra o pobo de Palestina deixou un saldo de destrución desolador: os mortos cóntanse por centenaes e os feridos por milleiros, a inmensa maioría civís indefensos e, en boa medida, nenos. A brutalidad sionista arrasa con escolas, con fábricas e cultivos, nun territorio xa de seu sumido no paro e a miseria polo continuo bloqueio.

O Sindicato de Estudiantes manifesta a súa máis absoluto rexeitamento á agresión contra o pobo palestino de Gaza. Sentímonos solidarios coa dor e a rabia de tantos mozos, tantos traballadores, tantos nenos e en xeral toda a poboación palestina. **ESIXIMOS A INMEDIATA PARALIZACIÓN DOS BOMBARDEOS E A RETIRADA MILITAR ISRAELÍ. ESIXIMOS O LEVANTAMIENTO SEN CONDICIÓNS DO BLOQUEO A GAZA, ASÍ COMO O FINAL DA OCUPACIÓN ISRAELÍ DE CISJORDANIA.**

## **A HIPOCRESÍA DO IMPERIALISMO**

Os gobernos dos países imperialistas, erguéndose en nome da “democracia”, lamentaron de xeito hipócrita o sufrimento palestino e non dubidaron en condear rapidamente “a violencia de ambas partes” Deste xeito igualan ao oprimido co opresor, ao verdugo coa vítima.

A resposta que deu EEUU é moi reveladora. A Administración estadounidense, que apoiou a Israel en todos os seus ataques militares ademais de financeiros, xustificou novamente a agresión contra os palestinos como o dereito de Israel á “autodefensa”. Non se pode atopar unha desfachatez maior. É o mesmo tipo de argumentos que utilizaron para

xustificar ante a opinión pública mundial a guerra imperialista contra Iraq, que xa provocou máis de 200.000 vítimas civís e o desprazamento de dous millóns de iraquíes convertidos en refuxiados.

A Unión Europea tamén demostrou, nestes días de masacre, toda a hipocresía da que é capaz. Laméntase do uso “desproporcionado” da forza, pero non move un dedo para impedir a incursión do exército israelí. No caso do Estado español, o Goberno de Zapatero non fixo apenas nada salvo declaracións diplomáticas.

## **BAIXO O CAPITALISMO E A OCUPACIÓN MILITAR NUNCA HABERÁ PAZ EN ORIENTE MEDIO**

Desde o Sindicato de Estudiantes apoiamos os dereitos do pobo palestino e a súa resistencia contra o imperialismo e o sionismo. Con todo, rexeitamos rotundamente os métodos e a política da dirección fundamentalista de Hamás. Hamás non ten unha alternativa ao problema palestino. O seu programa reaccionario, integrista e sectario, e os seus atentados indiscriminados contra a poboación civil israelí, só serven para xustificar a brutal reacción sionista ante os ollos dos traballadores xudeus.

Só un programa revolucionario e auténticamente socialista pode dar unha solución ao pesadelo que sofre o pobo de Palestina e de todo Oriente Medio. A única alternativa ao militarismo e a guerra é a loita conxunta dos traballadores e as masas explotadas de todas as nacionalidades, por encima das fronteiras artificiais impostas polo imperialismo. Unha loita que debe ter como obxectivo o derrocamiento dos réximes reaccionarios, establecendo unha Federación Socialista de Oriente Medio. Deste xeito, crearíanse as condicións para un desenvolvemento económico sen paro e sen miseria. Cunha Federación Socialista baseada no control democrático da maioría da poboación non habería lugar para os odios relixiosos e sectarios, e os pobos de Oriente Medio poderían acadar unha convivencia fraterna e en paz.

## **22 DE XANEIRO, XORNADA DE SOLIDARIEDADE ESTUDIANTIL COA LOITA DO POBO PALESTINO**

Dende o Sindicato de Estudiantes chamamos aos traballadores á mocidade de todo o mundo a seguir manifestándose masivamente para esixir a inmediata paralización dos bombardeos e o fin da ocupación militar israelí. Para contribuír a esta loita e para amosar o apoio do movemento estudiantil do Estado español coa causa palestina, chamamos a todos os estudantes a participar nunha XORNADA ESTATAL DE SOLIDARIEDADE CO POBO PALESTINO PARA O 22 DE XANEIRO.

Unha xornada na que propoñemos organizar paros das clases ás 12:00 h. en todos os centros de estudo, para que se poidan realizar concentracións, asembleas e votacións de resolucións condeando a masacre imperialista en Gaza e esixindo a retirada incondicional do exército israelí.

**¡ALTO Á MASACRE IMPERIALISTA EN GAZA!  
¡RETIRADA INMEDIATA DAS TROPAS DE OCUPACIÓN ISRAELÍS!**

**CONCENTRACIÓNS  
xoves 22 · ás 12:00 h.**

**Compostela: Praza do Tournal  
Vigo: fronte ó MARCO / Ferrol: edificio da Xunta**